



Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

ACTA SESIÓN PLENO EXTRAORDINARIO E URGENTE

2 DE FEBREIRO DE 2021

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **vinde horas do martes 2 de febreiro de 2021** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Manuel Ruiz Rivas o 01-02-2021*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación (baixo a modalidade de “telemático” (*coa presenza física dos/as Sres/as concelleiros/as voceiros dos respectivos grupos municipais, a excepción do Sr. voceiro do GM PBBI, e o Sr. alcalde-presidente*) previsto no artigo 46.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar pleno extraordinario e urgente.

Partido Popular (PP)

- 1.-Manuel Santos Ruiz Rivas, **alcalde-presidente**
- 2.-María José Sampedro Fernández
- 3.-Ana Isabel Ruiz Reiriz
- 4.-Ramón José Doval Sampedro.
- 5.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
- 6.-Ana Isabel Barreiro Rego.
- 7.-Victor Reiriz Lampón
- 8.-Juana María Brión Santamaría
- 9.-Elvira Pereira Ageitos. **EXCUSA A SÚA AUSENCIA**

Partido Barbanza Independiente (PBBI)

- 1.-Vicente Mariño de Bricio
- 2.-María Herminia Pouso Maneiro
- 3.-Miguel Ángel Vázquez Salgueiro
- 4.-Emilio Andrés González Regueira.
- 5.-Gerardo Pardavila Fernández.
- 6.-Asier Casais Álvarez
- 7.-Tania Redondo Fernández

Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)

- 1.-José Manuel Vilas Álvarez
- 2.-José Manuel Suárez-Puerta Sirgado.

Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)



FIRMANTE - FECHA





1.-Xosé Antonio Vázquez Cobas
2.-Luis Antonio Pérez Barral
Suma Ribeira (SR)
1.-Xurxo Ferrón Vidán

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto, e polo **Sr. Interventor** do mesmo, **D. Pablo Bao Castro**. Asiste igualmente en calidade de asesor informático **D. Ramón Martínez Becerra**

Ábrese a sesión polo Presidente e tratáronse os seguintes asuntos engadidos na orde do día:

1.- RATIFICACIÓN URXENCIA DA SESIÓN.

Aberta polo **Sr. alcalde-presidente** a Sesión e en cumprimento do disposto nos artigos 21.1.c), 21.3 e 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 77 a 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, 15 a 18 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procédese a consultar ó Pleno da Corporación sobre o seu pronunciamento en relación coa ratificación da urxencia da Sesión, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 20 (8 PP, 7 PBBI, 2 BNG, 2 PS DE G-PSOE, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus membros presentes ratificar a urxencia da Sesión, procedéndose a debater o resto dos puntos engadidos na orde do día.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DO DÍA 25 DE XANEIRO DE 2021.

Preséntase para aprobación esta acta:





-Acta do Pleno ordinario celebrado o **25 de xaneiro de 2021**

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Riveira**, o Sr. Alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión ordinaria do día **25 de xaneiro de 2021**.

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente (grupo m. P.P.)** dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes

Resulta aprobada por **asentimento** dos membros presentes esta acta do pleno:

-Acta do **Pleno da sesión ordinaria** celebrada o **25 de xaneiro de 2021**.

3. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO SOLO URBANIZABLE INDUSTRIAL DE RIBEIRA CON SUBSANACIÓN DE ERRO MATERIAL NA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA QUE SERVIU DE BASE Á APROBACIÓN PROVISIONAL EN SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 28 DE DECEMBRO DE 2020

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 1 de febreiro de 2021, e que é do seguinte tenor literal:

“VISTA a documentación obrante no expediente en relación co documento de Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira de xaneiro de 2021, presentada no Concello de Ribeira en escrito rexistrado de entrada nº 202100001251 redactada por Fernández Carballada Asociados (arquitectos Sr. Álvaro Fernández Carballada, Sra. Beatriz Aneiros Filgueira e pola Enxeñeira Agrónoma Sra. Covadonga Fernández Gallego), para emenda e subsanación do erro material,

VISTOS informes técnicos e xurídicos obrante no mesmo.

VISTA a proposta de acordo formulada polo Secretario Xeral da Corporación, por medio da presente proponse á Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras Benestar Social e Medio Ambiente que, previa deliberación i exame sobre o expediente da súa razón, adopte ditame favorable sobre o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobación provisionalmente a Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal, solo urbanizable industrial, Ribeira nos termos do Documento de Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira de xaneiro de 2021, presentada no Concello de Ribeira en escrito rexistrado de entrada nº 202100001251 redactada polo equipo redactor Fernández Carballada Asociados (arquitectos Sr. Álvaro Fernández Carballada, Sra. Beatriz Aneiros Filgueira e pola Enxeñeira Agrónoma Sra. Covadonga Fernández Gallego), para emenda e subsanación do erro material existente no documento que serviu de base ao acordo plenario celebrado en sesión extraordinaria o día 28 de decembro de 2020 medianteo que se acordou a





aprobación provisional da Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal, solo urbanizable industrial, Ribeira.

SEGUNDO.- Ratificar as desestimacións das alegacións presentadas segundo o acordo plenario celebrado en sesión extraordinaria o día 28 de decembro de 2020.

TERCEIRO.- Dar traslado do expediente completo dilixenciado á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, aos efectos do previsto no artigo 60.13 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

CUARTO.-Facultar ao Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 1 de febreiro de 2021, co seguinte resultado

-VOTOS A FAVOR: 20 (8 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus membros presentes aproba ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 1 de febreiro de 2021, sobre **APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO SOLO URBANIZABLE INDUSTRIAL DE RIBEIRA CON SUBSANACIÓN DE ERRO MATERIAL NA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA QUE SERVIU DE BASE Á APROBACIÓN PROVISIONAL EN SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 28 DE DECEMBRO DE 2020**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos, e, en consecuencia aproba:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal, solo urbanizable industrial, Ribeira nos termos do Documento de Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira de xaneiro de 2021, presentada no Concello de Ribeira en escrito rexistrado de entrada nº 202100001251 redactada polo equipo redactor Fernández Carballada Asociados (arquitectos Sr. Álvaro Fernández Carballada, Sra. Beatriz Aneiros Filgueira e pola Enxeñeira Agrónoma Sra. Covadonga Fernández Gallego), para emenda e subsanación do erro material existente no documento que serviu de base ao acordo plenario celebrado en sesión extraordinaria o día 28 de decembro de 2020 medianteo que se acordou a aprobación provisional da Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal, solo urbanizable industrial, Ribeira.





SEGUNDO.- Ratificar as desestimacións das alegacións presentadas segundo o acordo plenario celebrado en sesión extraordinaria o día 28 de decembro de 2020.

TERCEIRO.- Dar traslado do expediente completo dilixenciado á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, aos efectos do previsto no artigo 60.13 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

CUARTO.- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) POS+2021 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 1 de febreiro de 2021, que consta de dúas partes e que é do seguinte tenor literal:

PARTE 1.-

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores	0,00	0,00	0,00

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	
Subtotal gasto corrente	0,00

C) Financiamento de investimentos:





ACHEGA PROVINCIAL 2021		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración		Deputación	Concello	Orzamentototal
PAVIMENTACION, SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO EN BRAÑA DO MURO (AGUIÑO)		133.104,94€	0,00	133.104,94€
INSTALACIÓN DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NO LUGAR DE LOMBAS (PALMEIRA)		206.774,49€	0,00	206.774,49€
PAVIMENTACIÓN, PLUVIAIS E SANEAMENTO NAS RÚAS CHAPRADO E CEBOLEIRA (CORRUBEDO)		92.687,79€	0,00	92.687,79€
Subtotal investimentos achega provincial 2021		432.567,22€	0,00	432.567,22€

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostíbeis)		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración		Deputación	Concello	Orzamentototal
INSTALACIÓN REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO NO LUGAR DE CANABEIRO (OLEIROS)		134.377,47€	0,00	134.377,47€
REDE DE PLUVIAIS EN OUTEIRO (ARTES)		31.515,53€	0,00	31.515,53€
PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DAS REDES DE AUGA POTABLE E PLUVIAIS NA RÚA LUIS PIMENTEL (AGUIÑO)		98.489,96€	0,00	98.489,96€
PAVIMENTACIÓN, PLUVIAIS E SANEAMENTO NA RÚA CHOUZA (CASTIÑEIRAS)		59.915,98€	0,00	59.915,98€
SANEAMENTO, PAVIMENTACIÓN E ABASTECIMIENTO NO LUGAR DE FRIÓNS (CARREIRA)		154.081,94€	0,00	154.081,94€
PAVIMENTACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO (DENDE CRUCE R/ MARCIAL DEL ADALID ATA CRUCE R/ IRMANDIÑOS (RIBEIRA)		217.900,30€	0,00	217.900,30€
SANEAMENTO NO LUGAR DE "A CUCHERIZA" (OLVEIRA)		102.006,33	0,00	102.006,33
Subtotal investimentos achega provincial 2020		798.287,51	0,00	798.287,51





Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

<i>Entidade financeira</i>	PRÉSTAMO 2021 aplicado á redución da débeda
	102.992,20
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	102.992,20€

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020	0,00		0,00
	Achega 2021	0,00		0,00
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	0,00		0,00
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)	0,00		0,00
C- INCREMENTOS	Achega 2021	432.567,22	0,00	432.567,22
	Achega 2020	798.287,51	0,00	798.287,51
D- REDUCCIÓN DÉBIDA	Préstamo 2021	102.992,20		102.992,20
	Achega 2021		0,00	





TOTAL		432.567,22		432.567,22
	Achega 2020	798.287,51	0,00	798.287,51
	Préstamo 2021	102.992,20	0,00	102.992,20
	TOTAL	1.333.846,93	0,00	1.333.846,93

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
PAVIMENTACION E REDE DE PLUVIAIS DENDE A IGREXA PARROQUIAL DE ARTES ATA O MUSEO DO GRABADO (ARTES)	161.142,60
AMPLIACIÓN E RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE PEDRA PATEIRA (RIBEIRA)	171.831,47
INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NO LUGAR DE SAMPEDRO (PALMEIRA)	130.919,88
PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO VILAR – VIXÁN (CARREIRA)	67.808,56
PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DAS REDES DE AUGA POTABLE E PLUVIAIS NA RÚA CELSO EMILIO FERREIRO (AGUIÑO)	189.765,00
TOTAIS	721.467,51€

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, agás as necesarias para a realización das obras dos seguintes proxectos:

- **Proxecto:** “INSTALACIÓN DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NO LUGAR DE LOMBAS (PALMEIRA)”, para o que é necesario solicitar a correspondente autorización á Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia.
- **Proxecto:** “REDE DE PLUVIAIS EN OUTEIRO (ARTES)”, para o que é necesario solicitar a correspondente autorización á Deputación Provincial da Coruña.





- **Proxecto:** “PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DAS REDES DE AUGA POTABLE E PLUVIAIS NA RÚA LUIS PIMENTEL (AGUIÑO)”, para o que é necesario solicitar a correspondente autorización á Deputación Provincial da Coruña.
- **Proxecto:** “PAVIMENTACIÓN, PLUVIAIS E SANEAMENTO NA RÚA CHOUZA (CASTIÑEIRAS)”, para o que é necesario solicitar a correspondente autorización á Deputación provincial da Coruña e á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.
- **Proxecto:** “SANEAMENTO NO LUGAR DE “A CUCHERIZA” (OLVEIRA)”, para o que é necesario solicitar a correspondente autorización á Deputación Provincial da Coruña.
- **Proxecto:** “PAVIMENTACIÓN E REDE DE PLUVIAIS DENDE A IGREXA PARROQUIAL DE ARTES ATA O MUSEO DO GRABADO (ARTES)”, para o que é necesario solicitar a correspondente autorización á Dirección xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.
- **Proxecto:** AMPLIACIÓN E RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE PEDRA PATEIRA (RIBEIRA)”, para o que é necesario solicitar a correspondente autorización á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia
- **Proxecto:** “PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DAS REDES DE AUGA POTABLE E PLUVIAIS NA RÚA CELSO EMILIO FERREIRO (AGUIÑO)”, para o que é necesario solicitar a correspondente autorización á Deputación Provincial da Coruña.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

PARTE 2.-

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 1/2021**” da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	262.161,95 €
---	---------------------

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)





GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)			
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.			
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.			
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS) Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de	975.000,00€	668.000,00€	307.000,00€





<i>dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</i>			
<i>e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.</i>			
<i>f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.</i>			
<i>g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnico dos servizos sociais.</i>			
<i>h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.</i>			
T O T A L	975.000,00€	668.000,00€	307.000,00€
2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”			

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 1 de febreiro de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 19 (8 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 1 Mixto-Suma Ribeira





Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta do seu número legal** aprobalo ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 1 de febreiro de 2021, sobre **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) POS+2021 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

5.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. PSdeG-PSOE PRESENTADA POR JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ, SOBRE ORDENACIÓN DO TRÁFICO RODADO EN CARREIRA, NA ZONA DE PARTE AO RÍO E MONTEVIXÁN.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dunha proposición presentada polo **GM** do **Ps de G-Psoe** con data 13 de xaneiro de 2021 (rex entr. 13-01-2021, nº 455), e no seu nome por D. José Manuel Vilas Álvarez, ditaminada pola Comisión Informativa de Movilidade e Seguridade Cidadana de data 19 de xaneiro de 2021, e que é do seguinte tenor literal

“José Manuel Vilas Álvarez, con DNI: 76484245E, Concelleiro-Portavoz do Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, con NIF: 76515570K presenta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira, ao abeiro do disposto no artigo 116.1.c) do Regulamento Orgánico Municipal, a seguinte PROPOSICIÓN,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante os requirimentos e demandas dos veciños de Parte ao Río en Carreira, debido aos frecuentes atascos de vehículos na rúa; presentábase o pasado mes de xuño do 2020, unha proposta de reordenación do tráfico rodado. Dita proposición, quizás non foi entendida, ou explicada axeitadamente para lograr o consenso dos membros desta Corporación Municipal.

Novamente traemos aquí a proposta, nesta ocasión avalada polas sinaturas de 157 veciños (residentes e familiares que frecuentan o entorno da zona de Parte ao Río e Montevixán), que se acompañan a proposición.

Constátase que:

1.- A zona sofre os problemas comúns das zonas urbanas: conxestión do tráfico rodado, contaminación, mal aparcamento, ruidos, problemas de seguridade vial,... A vía pública carece de beirarrúas, e faise estreita para a circulación en ámbolos sentidos.

2.- A vía pública está condicionada polas vivendas construídas, eos muros de peche das parcelas, que delimitan e condicionan o camiño veciñal.

Urxe a moderación do tráfico, sentido único de circulación na vía, a redución da velocidade, ea creación de espazos destinados exclusivamente ás persoas; en definitiva, a protección dos peóns e ciclistas conleva a mellora da seguridade vial, permitindo a mobilidade dos viandantes.

Os residentes desta zona desexan un cambio drástico no vial, que acabe coas incomodidades e molestias causadas polas deficiencias en dotación de servizos (refrendado polas firmas anexas).

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, insta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira á adopción do seguinte,

ACORDO:





1.- Que se realice una ordenación do tráfico rodado, que responda as necesidades dos residentes e veciños, facendo compatibles a seguridade das persoas ea mobilidade dos vehículos, logrando una circulación mais fluida en Parte ao Río, eo seu entorno.

2.- Que se valore a conveniencia do sentido único de circulación do tráfico rodado, con entrada desde Vixán, indo por Montevixán, e saída en Campos e/ou Pedriñas (achégase plano da posible circulación a implantar), co obxecto de formar un conxunto armonizado, mellorando o espazo urbano, dotado de mobilidade e accesibilidade, coherente coa planificación urbana da parroquia.

Ribeira, 13 de xaneiro do 2021. Asdo. José Manuel Vilas Álvarez.”

Asemade dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dunha **emenda de substitución** presentada polo **GM PP**, e no seu nome por Dña. Maria José Sampedro Fernández, do seguinte tenor literal:

“2.- Que á vista do informe elaborado pola Policía Local e de acordo coa vontade maioritaria da veciñanza, se manteña o dobre sentido na zona aludida”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da **proposición do GM do Ps de G-Psoe**, así como da **emenda de substitución do GM do PP**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, **aceptada a emenda do GM do PP**, sómese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Mobilidade e Seguridade Cidadana de data 19 de xaneiro de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 20 (8 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus membros presentes aprobala proposición do **GM do Ps de G-Psoe** ditaminada pola Comisión Informativa de Mobilidade e Seguridade Cidadana de data 19 de xaneiro de 2021, **incorporada a emenda do GM do PP**, sobre **ORDENACIÓN DO TRÁFICO RODADO EN CARREIRA, NA ZONA DE PARTE AO RÍO E MONTEVIXÁN**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos, e, en consecuencia aproba:

1.- Que se realice una ordenación do tráfico rodado, que responda as necesidades dos residentes e veciños, facendo compatibles a seguridade das persoas ea mobilidade dos vehículos, logrando una circulación mais fluida en Parte ao Río, eo seu entorno.





“2.- Que á vista do informe elaborado pola Policía Local e de acordo coa vontade maioritaria da veciñanza, se manteña o dobre sentido na zona aludida”.

6.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. PSdeG-PSOE PRESENTADA POR JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ, SOBRE O MANTEMENTO DAS CASAS DO MAR DE AGUIÑO, CORRUBEDO, RIBEIRA E PALMEIRA

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dunha proposición presentada polo **GM** do **Ps de G-Psoe** con data 13 de xaneiro de 2021 (rex entr. 13-01-2021, nº 501), e no seu nome por D. José Manuel Vilas Álvarez, ditaminada pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de xaneiro de 2021, e que é do seguinte tenor literal

“José Manuel Vilas Álvarez, con DNI: 76515570K, Concelleiro - Portavoz do Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, presenta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira, de conformidade co disposto no artigo 116.1.c do Regulamento Orgánico Municipal, a seguinte PROPOSTA,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Casas do Mar cumpren unha labor esencial na vida dos nosos concidadáns do Concello de Ribeira, que ten no mar a súa principal actividade económica, e sobre todo, unha relación especial que marca a súa maneira de vivir.

Nas Casas do Mar de Aguiño, Corrubedo, Palmeira, e Ribeira ubícanse os puntos de asistencia sanitaria prestadas polo SERGAS, e ao mesmo tempo forman parte da vida cotián dos mariñeiros, tanto polos locais de hostelería que albergan, que constitúen lugares de reunión e esparcemento dos veciños, sinon tamén polas actividades culturais, que ocasionalmente en elas se celebran.

Pese a esta importancia incuestionable, o estado de conservación e mantemento das instalacións é absolutamente inapropiado.

Sin pintar dende fai anos, con instalacións de saneamento defectuosas (Cuando non inexistentes), con deficiencias no aislamiento térmico, e co mobiliario destartado, presentan en xeral, un aspecto e funcionalidade que dá pena.

Estas instalacións foron transferidas dende o ISM a Xunta de Galicia, polo Real Decreto 212/1996, de 9 de febreiro, publicado no BOE do 7 de marzo do 1996, Pag. 8984.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Socialista, realiza a seguinte:

PROPOSTA:

Que o Concello de Ribeira proceda a solicitar a Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, ou as Consellerías competentes, unha xestión axeitada do mantemento das Casas do Mar de Aguiño, Corrubedo, Ribeira, e Palmeira, empezando pola renovación das cubertas respectivas, e polas condicións de aillamento das mesmas.

Ribeira, 13 de xaneiro de 2021. Fdo. José Manuel Vilas Álvarez.”





Dase conta igualmente dunha **emenda de adición** presentada “in voce” polo Sr. concelleiro voceiro do **GM Mixto-Suma Ribeira**, D. Xurxo Ferrón Vidán, e que é do seguinte tenor literal:

“Que o Concello de Ribeira, coa colaboración das veciñas e veciños da zona, proceda á elaboración dun estudo sobre as potencialidades de uso e desfrute da veciñanza das Casas do Mar, coa intención de conseguirlas, en colaboración coa Xunta de Galicia, solución á actual infrutilización destas instalacións públicas que sexan útiles e satisfactorias para a veciñanza”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da **proposición do GM do Ps de G-Psoe**, así como a **emenda de adición do GM Mixto. Suma Ribeira**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, **aceptada a emenda do GM Mixto-Suma Ribeira**, sómetese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de xaneiro de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 20 (8 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus membros presentes aprobala proposición do **GM do Ps de G-Psoe** ditaminada pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de xaneiro de 2021, **incorporada a emenda do GM Mixto-Suma Ribeira**, sobre o **MANTEMENTO DAS CASAS DO MAR DE AGUIÑO, CORRUBEDO, RIBEIRA E PALMEIRA**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos, e, en consecuencia aproba:

Primeiro: Que o Concello de Ribeira proceda a solicitar a Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, ou as Consellerías competentes, unha xestión axeitada do mantemento das Casas do Mar de Aguiño, Corrubedo, Ribeira, e Palmeira, empezando pola renovación das cubertas respectivas, e polas condicións de aillamento das mesmas.

Segundo: “Que o Concello de Ribeira, coa colaboración das veciñas e veciños da zona, proceda á elaboración dun estudo sobre as potencialidades de uso e desfrute da





veciñanza das Casas do Mar, coa intención de conseguir, en colaboración coa Xunta de Galicia, solución á actual infrautilización destas instalacións públicas que sexan útiles e satisfactorias para a veciñanza”

7.-DACIÓN DE CONTA DE INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DE 25 DE XULLO CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DE 2020.

Pola Alcaldía-Presidentencia dase conta ao Pleno da Corporación da seguinte información:

“ASUNTO: Información sobre o Período Medio de Pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, de 25 de Xullo. Correspondente ao cuarto trimestre de 2020.

A Disposición Adicional Primeira da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de Control da débeda comercial no sector público (BOE nº 305, de 21 de decembro) refírese á “publicación do período medio de pago” das Administracións Públicas nos seguintes termos:

“Disposición adicional primera. Publicación del período medio de pago.

Transcurrido un mes desde la entrada en vigor de esta ley todas las Administraciones Públicas y sus entidades y organismos vinculados o dependientes publicarán en su portal web su periodo medio de pago a proveedores e incluirán en su plan de tesorería inmediatamente posterior a dicha publicación las medidas de reducción de su periodo medio de pago a proveedores para cumplir con el plazo máximo de pago previsto en la normativa sobre morosidad”.

Para a aplicación da previsión legal citada foi aprobado o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Para maior detalle práctico foi publicado na Oficina Virtual para a coordinación financeira coas Entidades Locais a “Guía para a cumprimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das Entidades Locais, Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo”, que contén os modelos e criterios para elaborar, publicar e remitir a información sobre o período medio de pago a provedores.

É necesario indicar que o período medio de pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é diferente na súa metodoloxía de cálculo, no seu procedemento e prazos de publicación e nas súas consecuencias prácticas, aos prazos de pago das facturas por operacións comerciais a que se refire a Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para a elaboración dos informes trimestrais a que se refire a Lei citada foi publicado na oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais a correspondente Guía.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Finalmente, tamén é necesario calcular e publicar o período medio de pago a provedores a que se refire a Disposición Transitoria Décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, e para ese cálculo deben tomarse en consideración os criterios contidos na “Nota relativa á aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local” publicada na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Unha vez cumprimentada a aplicación posta a disposición polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas obtense a información sobre o período Medio de Pago a Provedores calculado cos criterios do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, que se indica a continuación, para o Concello de Ribeira:

ORGANISMO	RATIO OPERACIONES PAGADAS	RATIO OPERACIONES PENDENTES PAGO	PERIODO MEDIO DE PAGO GLOBAL
CONCELLO DE RIBEIRA	17,22	17,05	17,18

Co fin de dar a máxima difusión posible á información de relevancia económica ou financeira do Concello e no cumprimento das normas de aplicación citadas considérase oportuno dar conta ao Pleno da Corporación do seguinte:

PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do Período Medio de Pago a Provedores calculado cos criterios do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, no Concello de Ribeira para o cuarto trimestre de 2020.

SEGUNDO: Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, publicar a mesma na páxina web do Concello de Ribeira”.

O Pleno da Corporación queda enterado

E no habendo máis asuntos que tratar sendo as **21 horas e 52 minutos** do día 2 de febreiro de 2021, o **Sr. alcalde-presidente** deu por finalizada a sesión de todo canto antecede, como secretario, dou fe e certifico

O alcalde-presidente

Manuel Ruiz Rivas

O secretario

Juan Manuel Salguero del Valle

